

ANUNCIO

O Alcalde o día 08-02-2024 ditou a seguinte resolución con número 75/2024:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: LISTAXE DEFINITIVA PARA CREACION DUNHA BOLSA DE TRABALLO/LISTA DE RESERVA DE UN/UNHA FUNCIONARIO/A INTERINO/A, TECNICO/A DE XESTION ECONOMICO-FINANCIERA PARA A SUBSTITUCION TRANSITORIA DO TITULAR DA PRAZA, A TRAVES DO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICION

EXPEDIENTE: 2024/G003/000088

ANTECEDENTES:

De acordo co establecido nas Bases reguladoras para a creación dunha bolsa de traballo/lista de reserva de un/unha funcionario/a interino/a, técnico/a de xestión económico-financeira para a substitución transitoria do titular da praza, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local do día 10/11/2023 e publicadas no BOP núm. 221 de data 20/11/2023.

Logo de ver o Decreto núm. 708/2023 de data 18/12/2023 e asunto “listaxe provisional para a creación dunha bolsa de traballo/lista de reserva de un/unha funcionario/a interino/a, técnico/a de xestión económico-financeira para a substitución transitoria do titular da praza” (EXPEDIENTE: 2023/G003/000782) publicado na sede electrónica do Concello de Melide en data 21/12/2023, na que se concede aos aspirantes excluídos un prazo de 3 días hábiles para poder emendar o defecto que motivou a exclusión.

Logo de ver a certificación do Rexistro Xeral de entrada e saída de documentos do Concello de Melide de data 10/01/2024 en relación á listaxe provisional para a creación dunha bolsa de traballo/lista de reserva de un/unha funcionario/a interino/a, técnico/a de xestión económico-financeira para a substitución transitoria do titular da praza, a través do sistema de concurso-oposición publicada o 21/12/23 na Sede Electrónica do, na que se concede aos aspirantes excluídos un prazo de 3 días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación, para poder emendar o defecto que motivou a exclusión.

Logo de ver o informe da técnica de Administración Xeral de data 07/02/2024 e asunto: “Informe listaxe definitiva admitidos/as excluídos/as para a creación dunha bolsa de traballo/lista de reserva de un/unha funcionario/a interino/a, técnico/a de xestión económico-financeira para a substitución transitoria do titular da praza”, na que informa favorablemente “*a documentación achegada por Silvia Cameán Calvete e Pedro Velasco López, quedando emendada, en ambos casos, a causa de exclusión provisional*”.

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Aprobar a seguinte **listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as** para as probas

que darán lugar a devandita contratación.

ADMITIDAS/OS:

Nº	NOME	DNI
1	Mª del CARMEN BOTANA RICO	***8701**
2	JESÚS MANUEL PINTOS CAPEÁNS	***8675**
3	PILAR BERMÚDEZ GONZÁLEZ	***1055**
4	AIRAS HERMIDA FERNÁNDEZ	***6091**
5	JOSÉ LUIS FRANCO PINTOS	***5486**
6	SILVIA CAMEÁN CALVETE	***7463**
7	PEDRO VELASCO LÓPEZ	***2172**

EXCLUIDOS DEFINITIVAMENTE: ningún

SEGUNDO: Logo de ver o informe de Secretaría e Intervención con Ref.: 8, do 02.03.2022 de asunto: contratacións laborais temporais, modificacións de contratos, xestión de persoal, e en concreto o seu apartado 3 refírese á regulación do Tribunal ou Comisión Seleccionadora; estará composta polos seguintes membros:

- PRESIDENTE: María Teresa Buján Mosquera (interventora, Concello de Melide). Suplente: Leopoldo Moure Dopico (interventor, Concello de Silleda)

- SECRETARIA/O: Jesús Manuel Cea Vázquez (administrativo, Concello de Melide). Suplente: José García Insua (técnico medio recadador, Concello de Cervo).

- VOGAIS:

* Javier Siro Suárez Rodríguez (interventor, Concello de Ordes). Suplente: Jaime Presas Beneyto (interventor, concello de Sada)

* Javier Anido Vázquez (técnico económico-financeiro, Concello de Melide). Suplente: Mª Isabel Seijo Rolán (técnica media tesoureira, Concello de Cervo)

* Joaquín Vázquez Rodríguez (técnico de normalización lingüística, Concello de Melide). Suplente: Sylvia Cea Vázquez (profesora lingua galega IES Ramón Mª Aller Ulloa de Lalín).

Convócase ao Tribunal para a realización da fase de concurso **o xoves día 15 de febreiro de 2024 ás 10:00 h.** na casa do Concello de Melide, farase publica seguidamente na sede electrónica do Concello de Melide a acta co resultado do concurso indicándose **a data, hora e lugar de inicio da fase de oposición.**

TERCEIRO: Publicar o presente acordo no taboleiro de edictos da sede electrónica do Concello de Melide.

Ordeno e asino en Melide, xoves 8 de febreiro de 2024. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas.

Do que o secretario por acumulación da fe. Asdo: O secretario por acumulación / Dalmiro Núñez Méndez.”

O que se fai público para xeral coñecemento

Melide, xoves 8 de febreiro de 2024. Asdo: O secretario por acumulación / Dalmiro Núñez Méndez.